

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS E ACHADOS EPIGRÁFICOS EN GALICIA

por

FELIPE ARIAS VILAS

Con estas breves consideración^(*), preténdese simplemente chamar a atención e facer uns comentarios sobre un tema que afecta por igual á metodoloxía que ós problemas de edición epigráfica. Trátase de ver a relación que existe entre Arqueoloxía e a Epigrafía, pero non en abstracto, é dicir, no sentido de profundizar en porqué ámbalas dúas disciplinas se complementan por canto as dúas son, ó cabo, auxiliares para facer Historia de modo global, senón máis ben no sentido práctico, e indispensable como veremos, de situar achados en xacementos ou considerar estes en relación a aqueles.

Poden ser útiles preguntarse se unha cousa, os xacementos arqueolóxicos (prospectados, excavados ou simplemente coñecidos), explican os achados epigráficos (de todo tipo), ou ben sucede ó revés¹.

(*) Este texto foi en orixe unha comunicación escrita para a "Table ronde internationale d'Epigraphie hispanique" celebrada en Bordeaux (Francia) en decembro de 1981, aínda que logo non se publicou nas Actas da devandita reunión. Pasado algún tempo, estímase aínda válidas as consideracións apuntadas daquela, polo que se publica agora coas correccións e actualizacións que se coidan pertinentes.

¹ Prescindimos aquí dos *instrumenta domestica*, e facemos esta salvedade polo propio carácter, máis puramente arqueolóxico, destes elementos epigráficos, que son relativamente frecuentes e correntes nos xacementos arqueolóxicos galegos, tratándose, case en exclusiva, de marcas de alfareiro en cerámica e en elementos de cubrición de edificios, así coma os numerosos grafitos de propiedade sobre cerámica, de tipo e deseño moi variado.

A epigrafía romana da Galicia administrativa actual foi afortunada e case pioneira na Península Ibérica á hora de ter sido recollida e publicada. Aínda que a elaboración das Inscripcións romanas de Galicia (=IRG) foi irregular en canto a criterio, método e resultados, e a pesar de que hoxe moitas das súas páxinas non resisten a crítica epigráfica actual, o seu enorme valor e a súa transcendencia foi o intentaren, e en gran parte conseguiren, desde 1949 ata 1968, unha recopilación útil da epigrafía romana galega entón coñecida², cousa que aínda hoxe moitos países e rexións da Península están agardando.

Na actualidade, desde a publicación das IRG, teñen aparecido numerosos epígrafes novos, ademais da lóxica revisión necesitada por aquelas. Estes novos achados plantexan problemas diversos na súa publicación, en xeral de modo moi disperso e con método e propósito variadísimo, en revistas galegas científicas, en obras conxuntas, ou de difusión cultural, "turísticas" ou doutro tipo, e ademais en periódicos e semanarios, folletos de difícil acceso, etc. Pénsese nos anos transcurridos, xa que as IRG de Ourense se publicaron en 1968, (pero con prólogo explicativo e clarificador de López Cuevillas, falecido dez anos antes), pero as inscripcións de Santiago de Compostela editáronse en 1949, isto é, van aló máis de corenta anos.

A publicación de noticias arqueolóxicas, de achados ou xacementos é aínda, se cabe, máis dispersa, irregular e variada³.

Por todo isto, poñer en relación unha cousa e outra, Arqueoloxía e Epigrafía galaico-romanas, non resulta doado (a pesar das vantaxes ofreci-

² Non insistimos aquí sobre os aspectos positivos e negativos das IRG, que xa se teñen posto de releve noutras ocasións, e recentemente moi a propósito da revisión da epigrafía lucense, cfr. F. ARIAS VILAS-P. LE ROUX-A. TRANOY, *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, París 1979, p 21 s. Téñase tamén en conta agora a revisión do *Corpus* de inscripcións romanas da Coruña por parte de X. Pereira. Dentro dos mesmos programas de investigación do Instituto de Estudos Galegos P. Sarmiento, seguirán os de Ourense, Pontevedra e unha nova revisión e posta ó día do de Lugo, todos eles ó tempo que se preparan as fichas da segunda edición do *CIL* hübniano. Sobre a evolución dos estudos de epigrafía galaico-romana, é útil ver tamén, A. D'ORS, "La evidencia epigráfica de la Galicia romana", *I Reunión Gallega de Estudios Clásicos*, Santiago 1981, p. 122 ss.

³ Con todo, hai que sinalar que, fundamentalmente nos Museos Provinciais galegos existen inventarios, catálogos, ficheiros, notas e cartas arqueolóxicas que facilitan a búsqueda desta caste de datos, sobre todo recentemente; á Carta Arqueolóxica da provincia de Pontevedra (*El Museo de Pontevedra*, en especial 1954 e seguintes), pódense engadir agora Inventarios arqueolóxicos, aínda inéditos, nas outras tres provincias, e que están na actualidade en contínua revisión desde as instancias administrativas competentes no tema de patrimonio cultural (Xunta de Galicia) e/ou desde outras entidades.

das polas *IRG*), é dicir, non é unha laboura para facer en breve prazo nin de contado e non é o noso propósito facelo aquí, senón somentes desbrozar o camiño e chamar a atención sobre o traballo, de campo e de biblioteca, que require a elaboración de estudos epigráficos, de calquera entidade, que contemplan no que se merece, o contexto arqueolóxico.

Desta maneira, as cuestións que aquí se plantexan poden considerarse só un avance e unha análise preliminar do problema, baseándonos fundamental pero non unicamente nas *IRG*, con todo o seu trasfondo⁴, para as provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra, e nas Inscripcións romanas da provincia de Lugo (=IRPL) para esta demarcación, sen esquecermos doutras publicacións posteriores, e sobre todo, agardando a solución que xa está en camiño, ou sexa, a elaboración dos *Corpora* de toda Galicia, xa adiantados para A Coruña e Ourense, ademais do singular caso lucense.

Encontrámonos que é relativamente frecuente na publicación de inscripcións non indicar o lugar exacto e concreto do achado, microtopónimo incluído, por descoñecemento, inseguridade, despreocupación, etc., nin se lle presta excesiva atención, ou só ás veces, ó contexto arqueolóxico máis ou menos cercano e veciño, cando non consustancial con aquel achado.

Así, non é raro atoparmos publicado un epígrafe indicando só que é da parroquia de tal ou do concello de cal, sen outra concreción, nin investigación nin pescuda sobre o asunto, sendo ás veces parroquias ou concellos moi extensos, e igualmente omítese microtopónimos como A Vila, Cuartel da Ruxida, Os Fornos, Agro da Torre, A Condomiña e outros que, non poucas veces, poideran ser significativos.

E ó contrario, noutras ocasións, unha inscripción é publicada como aparecida "cerca" dun castro ou dun despoboado con restos arqueolóxi-

⁴ Aceptamos as reservas de contido e lecturas que se poidan ofrecer, vid. *Inscripciones Romanas de Galicia* (Inst. de Estudios Gallegos P. Sarmiento): F. BOUZA-BREY-A. D'ORS, *I. Santiago de Compostela*, 1949. A. DEL CASTILLO-A. D'ORS, *I. Suplemento Prov. de La Coruña*, 1959. J. FILGUEIRA VALVERDE-A. D'ORS, *III. Museo de Pontevedra*, 1955. J. M^a ÁLVAREZ BLÁZQUEZ-F. BOUZA-BREY, *III. Suplemento, Vigo*, 1961. J. LORENZO FERNÁNDEZ-A. D'ORS- F. BOUZA-BREY, *IV. Provincia de Orense*, 1968.

Excusamos facer aquí grande o acopio de citas bibliográficas para temas epigráficos e para os xacementos arqueolóxicos; moi en xeral, abonde citar o contido e a bibliografía pertinente en F. ACUÑA CASTROVIEJO, "Bibliografía de la Galicia Romana", *Actas del Coloquio sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo 1977, p. 175 ss; VV.AA., en *Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia, Estado da cuestión*, Lugo 1979, en especial p. 65 ss.; A. TRANOY, *La Galice romaine*, París 1981, passim., e agora M^a T. AMADO-A. PEREIRA, *Bibliografía de Galicia Romana*, no prelo (a quen agradecemos a súa consulta).

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XXXIX, Fascículo 104, Santiago 1991.

cos, pero sen indicación de distancia nin investigación de se pode haber algún tipo de relación entre o dito xacemento e aquel achado. Ben é verdade, por outra banda, que practicamente todo achado apigráfico en Galicia soe aparecer máis ou menos preto dun xacemento, dada a case regular e abundante repartición de castros en toda a xeografía galega, ademais dos sitios propia e exclusivamente de época romana, ate agora, menos numerosos.

Esta "proximidade" ou "cercanía" de achados epigráficos e xacementos arqueolóxicos poido servir ás veces para atribuírmos a estes un certo grao de romanización. Pero debemos tomar isto con moitas precaucións, non só porque non sabemos ás veces a distancia e a relación concreta entre ámbolos dous elementos, senón porque temos exemplos de castros, mesmo de habitat antigo (transición Bronce-Ferro), ó pé dos cales ou da súa muralla incluso ten aparecido un ara votiva, o cal evidentemente non ten, en principio, relación causal ningunha⁵.

Téñase en conta, por outra parte, que o uso da epigrafía romana na Galicia antiga debeu de ser, en todo caso, minoritaria, isto é, sen entrarmos nos difíciles problemas da representatividade das inscricións⁶, semella estar claro que o uso de pedras con epígrafe en latín corresponde, maiormente e con tódalas excepcións que se queiran aducir, ós grupos sociais ou á casta social máis romanizada, ben de orixe foránea, ben do que se deu en chamar comunidade indíxena "colaboracionista", en gran medida ademais, presuntamente indíxena-falante⁷.

Difícil é, asimesmo, sustraerse ó comentario que suscita o feito de que un achado aillado e a priori case inexplicable, pode adquirir un total sentido despois dunha prospección nunha comarca ou dunha excavación nun ou en dous xacementos contíguos. Eis o caso da *Tessera hospitalis* do Monte Cido do Caurel (IRPL nº 55), que cobra singular importancia e razón despois da xeira do ano 1977 e posteriores na devandita zona⁸.

⁵ É o caso, entre outros, de Penarrubia, cfr. F. ARIAS VILAS, "Nova inscrición romana no Museo de Lugo", *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, II, 1984, p. 229 ss.

⁶ Vid., por ex., J. AGUILELLA ALMER-M.A. LÓPEZ CERDÁ-F. MONTES SUAY-G. PEREIRA MENAUT, "Aplicación de la inferencia estadística a las inscripciones epigráficas para la determinación de su representatividad", *Actas de las I Jornadas de Metodología aplicada a la Ciencias Históricas*, I, Santiago 1975, p. 252 ss.

⁷ Cfr. entre outros, A. BALIL, "Aspectos y problemas de la Galicia romana", *C.G.E.*, XXVIII, 1973, p. 179 s, e tamén M.C. DÍAZ Y DÍAZ, "Sobre la implantación del latín en la sociedad galaico-romana", *Estudios de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*, Compostela 1983, p. 283 ss.

⁸ J.M LUZÓN-J. SÁNCHEZ PALENCIA et alii, *El Caurel* (Exc. Arq. Esp. nº 110), Madrid 1980, en especial p. 35 ss.

Uns exemplos correspondentes a toda Galicia, en base ás xa citadas *IRG* e *IRPL*, cremos que serán de abondo representativos do comentado deica agora, ademais de nos demostrar a variedade de circunstancias que concurren en cada achado epigráfico en relación a el mesmo e ó seu entorno arqueolóxico e histórico, útil incluso para coñecer o devir dos sucesivos paradeiros da pedra.

Dentro da consideración de achados soltos ou aillados, pódense facer dous grandes grupos: por un lado, aquelas inscricións aparecidas de modo esporádico ou casual, como peza/s única/s, nun muro, nunha leira ou reutilizados, na maioría dos casos, como elementos de construción (á vista ou ocultos), nalgunha igrexa parroquial, capela, casa, cortello, etc.

A xeito de exemplo podemos citar, na provincia da Coruña, a serie da igrexa de Santiago na propia cidade coruñesa (*IRG I Supl.*, 10, 12-14, entre elas as do *exactor Reginv*s) e aínda que agora existen novos datos arqueolóxicos sobre a mesma, ou a de Cícere (*IRG I 20*, coa mención, *Berisamo*). En Lugo, ademais do problema de numerosos achados aillados na mesma cidade, (é dicir, en lugares que non teñen proporcionado ningún outro resto ou caen fóra das zonas arqueoloxicamente fértiles), pódense aducir os exemplos de Xerdiz (*IRPL 80*), Curbián (*IRPL 56*) ou S. Román de Cervantes (*IRPL 75*). En Ourense, péñese nas de Padrenda (*IRG IV 64*), Castrelo do Val (*IRG IV 66*) ou Laza (*IRG IV 84*); e en Pontevedra, as de Vilagarcía (*IRG III 17*, ¿de Aobre?), de Lourizán (*IRG III 27*), ou a estela antropomorfa de Ouzande (*IRG III 56*, recollida por Castelao para o Museo de Pontevedra).

Por outro lado, están os epígrafes sobre os que se soe saber pouco verbo da súa aparición, ou ben se corresponden con circunstancias citadas no apartado anterior e que se teñen recollido en coleccións particulares, xeralmente no século XIX e comezos do XX; por exemplo, en casas grandes ou pazos (grupo da casa dos marqueses de Trives en Ourense, a chamada casa de Vila ou de José Benito en Lugo⁹ etc.), ou ben en coleccións públicas ou semipúblicas (grupo albergado na chamada Buchería da Catedral de Santiago ou pezas recollidas pola Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra)¹⁰.

Outras veces, existen problemas, (¡incluso de incidencia legal!), relacionados coa aparición do epígrafe, caso da nova *Tabula Lougeiorum*, na

⁹ Cfr. *IRPL*, sobre todo p. 17., e comentarios a propósito das pedras adicadas a *Vero-re* ou a funeraria da lucense *Iulia Flaccilla*, que parecen ser máis ben parte dunha selección de coleccionista.

¹⁰ Hai que sinalar, en xusticia, que gran parte dos achados rexistrados nesta Sociedade pontevedresa teñen datos concretos sobre o lugar de aparición e notas sobre o seu contexto arqueolóxico.

que a interpretación pode incluso variar segundo se adxudique a un ou a outro lugar o seu achado orixinal¹¹.

Como sinalabamos máis arriba, podería dicirse que practicamente tódolos achados epigráficos galegos se teñen producido preto dalgún xacemento castrexo ou, en menor medida, galaico-romano, dada a abundancia e repartición destes. O problema é, polo tanto, a extrapolación que con excesiva frecuencia se fixo e se fai desta proximidade, de dimensión moi variable, aínda que é evidente, e está é a tese principal, que coñecer e aducir o entorno arqueolóxico é sempre da maior importancia e utilidade, pero con tódalas matizacións necesarias e coas pertinentes comprobacións e crítica, xa de campo, xa bibliográfica.

Dentro de este tipo de achados soltos pero situados (ou "publicados") como cerca de xacementos concretos, podemos citar: na Coruña, ademais das inscricións de Brandomil (*IRG I*, 6, 7 e 22)¹², coñecemos a ara a *Coso* aparecida na igrexa de Meirás (*IRG I* Supl. 7) ó lado do castro do mesmo nome. En Ourense, está toda a serie de epígrafes e pedras de Santa Comba de Bande (*IRG IV*, 57, 79, 102 e 112) presuntamente orixinais do veciño *Aquis Querquernis*, ou as da aldea de Florderrei Vello (*IRG IV* 120 e 122). En Pontevedra, as de Moimenta (*IRG III* 44), onde se fala de restos de época romana que apareceron "cerca", sen máis especificación, e que correspondería a unha vila romana vencellada a labores de salazón¹³. Na provincia de Lugo, coñecemos o caso das aras a *Navia* (*IRPL* 71 e 72) aparecidas en Monte de Meda e Lousada pero "transportadas" (non se indica cando nin por quen) do Castro do Monte Picato, ou ben a dos Lares Viais de Bouzoá (*IRPL* 61), así como, de novo tamén incluíbles neste apartado, os achados soltos da cidade de Lugo¹⁴, en todo caso, case sempre cerca (non máis lonxe de douscentos metros) das zonas con restos arqueolóxicos romanos de estruturas urbanas.

O grupo máis importante e o de maior utilidade arqueolóxica e histórica, constitúeno aqueles achados producidos dentro de xacementos arqueolóxicos propiamente ditos, ou o que ven ser o mesmo, pódense citar

¹¹ Vid. entre outros, M^a D. DOPICO CAÍNZOS, *La Tabula Lougeiorum. Estudios sobre la implantación romana en Hispania*, Vitoria-Gasteiz 1988, e tamén J. A. ENRÍQUEZ, "Una nueva *Tabula Patronatus*", *Epigrafía Jurídica Romana* (Actas Coloquio 1987), Pamplona 1989, p. 299 ss.

¹² Ningunha delas aparecida con outros restos arqueolóxicos, aínda que sabemos da súa existencia neste lugar, cfr. F. ACUÑA CASTROVIEJO, en *La Romanización de Galicia*, (Cuad. Sem. Est. Cer. Sargadelos 16), A Coruña 1976, p. 123.

¹³ Debemos e agradecemos esta información a Francisco Fariña Busto, así coma outras suxerencias contidas neste artigo.

¹⁴ Cfr. *IRPL*, p. 27-72, ademais doutros novos achados, (polo menos 3), máis recentes e aínda inéditos.

varios sitios arqueolóxicos que teñen proporcionado epígrafes de calquera tipo, insistindo aquí na salvedade que fixemos ó comenzo relativa ós *instrumenta domestica*. Pero curiosamente, non son os xacementos máis ou menos excavados (e máis ou menos cientificamente), falando en termos xerais, os que teñen contribuído máis ó *Corpus* epigráfico galaico-romano, senón outros non excavados ou minimamente catados ou simplemente prospectados ou coñecidos. Isto compróbase con esta relación dos primeiros, isto é, dos que non teñen dado inscricións pero si outros materiais e restos, numerosos e importantes, relación por suposto non exhaustiva pero que pode ser de abondo expresiva: na Coruña, castros de Elviña, Meirás e Baroña, vila de Cirro e algún outro. En Ourense, Cidá do Castro de S. Millán, vila da Cigarrosa e outros¹⁵. En Pontevedra, nin o gran conxunto de Sta. Tegra, nin o da Lanzada¹⁶ nin a vila de Porta de Arcos, entre moitos outros catalogados e incluso excavados de importancia, teñen dado ningún epígrafe en pedra, que se saiba. Na provincia de Lugo, con menos excavacións, pódese dicir que, aparte da *tessera* do Monte Cido caurelián e o caso da cidade de Lugo, nin no castro costeiro romanizado de Fazouro nin, o que é máis sorprendente, en todo o gran castro de Viladonga (moi rico en calquera outro tipo de restos galaico-romanos), ten aparecido un só epígrafe¹⁷.

Esta cuestión terá que ser analizada demoradamente en cadanseu caso, e posiblemente estea relacionada tanto co carácter dos respectivos xacementos, como coa representatividade da epigrafía en canto reflexo ou non de determinados grupos sociais (vid. nota 6).

En troques, coñecemos restos epigráficos noutros xacementos, en xeral menos sonados e apenas ou nada excavados, con somentes algunha excepción que parece vir confirmar a regra (Cidadela, por exemplo). Así, ademais das series da Coruña e Santiago, xacementos ó fin e ó cabo, aínda que non ben delimitados nin definidos na súa extensión e incluso carácter; na mesma provincia temos o excepcional exemplo, xa citado, do agora comprobado campamento de Cidadela (*IRG I*, 16-18 e *Supl.* 6 bis,

¹⁵ O mesmo Castromao, con toda a súa importancia arqueolóxica, "só" ten no seu haber a *Tessera Hospitalis* do ano 132 d.C., e outra inscrición aínda inédita, ademais doutra localizada fóra do xacemento pero na mesma parroquia, (vid. X. RODRÍGUEZ-A. SEARA CARBALLO, "Localización del ara nº 2597 del CIL II y nuevos epígrafes en la provincia de Orense", *Boletín Auriense*, XIII, 1983, p. 25 e 29).

¹⁶ Agás a posible estela reutilizada no paso ó illote da capela.

¹⁷ Salvo o selo de alfareiro en grego nunhas tellas e os grafitos con nomes cfr. M^a C. DURÁN-P. FERNÁNDEZ-M. VILA, "Os grafitos na cerámica do Castro de Viladonga", no prelo. Cómpre recordar en todo caso a presenza da ara ós Lares Viais, xa citada, de Bouzoá, a menos de 3 km. do castro (*IRPL* 61).

máis unha nova inscrición de aparición recente¹⁸, á parte dos selos sobre tégulas); en cambio, non está excavado o castro de Logrosa que deu varios epígrafes (*IRG I* Supl. 4 e 5, aras a Xúpiter, e 23). E Ourense, ademais das da capital, cos mesmos problemas que na Coruña, Santiago ou Vigo, está o caso da ara ás Ninfas de Baños de Bande (zona anexa e en relación co *Aquis Querquernis campamental, I RG IV 75*), e as inscricións do castro de San Antón en Baltar (*IRG IV 94*), A Rúa (¿da Cigarrosa?, *IRG IV 115*), ou a do castro de Florderrei Vello (*IRG IV 121*) achada no recinto do mesmo a diferenza das aparecidas na aldea, presuntamente da mesma procedencia, etc. En Pontevedra, de novo aras ás Ninfas nos baños termas de Cuntis (*IRG III, 20 e 21*), as de Torres de Oeste (*IRG III 25 3 3* do apéndice) e as de Castro Leboreiro (*IRG III 29*, ara a *Verore*, 60 e 61). Na provincia de Lugo, á parte dos epígrafes da cidade, con tódolos seus problemas de localización a circunstancia da súa reutilización na muralla en moitos casos, deben citarse a ampla serie de Castellós, importante xacemento que agora etá empezando a ser estudado e valorado no que se merece (*IRPL 63, 64, 85 e 90*)¹⁹, a *tessera* do Monte Cido (*IRPL 55*), ou a pedra da posible vila de Rioaveso (¿=Oleiros?) (*IRPL 69*), e incluso as inscricións do aínda enigmático monumento de Sta. Eulalia de Bóveda (*IRPL 74 e 88*), sen termos en conta a dubidosa de *Camal* do castro de Barán, moi importante por outros restos arqueolóxicos²⁰.

Por último, semella ser oportuna unha mención ó problema dos miliarios onde a localización exacta do achado é vital para o rastreo e explicación do trazado de vías e camiños. Está claro que a morfoloxía externa dos miliarios favoreceu de sempre o seu reemprego coma columnas, postes de viñas, esteos de apendres e pendellos, etc. Compréndese, polo

¹⁸ As novas inscricións en pedra e barro aparecidas nas recentes excavacións científicas neste importante xacemento, comprobán o seu carácter campamental e outros extremos relativos ó mesmo. Convértese así no sitio excavado que máis epígrafes ten dado ate agora na Galicia romana, agás a cidade de Lugo, cfr. J.M. CAAMAÑO GESTO, "Excavaciones en el campamento romano de Cidadela (Sobrado dos Monxes, Coruña). 1981", *N.A.H.*, XVIII, 1984, p. 235 ss, e IDEM, "Aportaciones al estudio de la *Cohors I Celtiberorum*: una inscrición militar hallada en el campamento romano de Cidadela (Sobrado dos Monxes, Coruña)", *Brigantium*, 4, 1983, p. 61 ss.

¹⁹ Existen novas inscricións de aparición recente e co seu estudio en preparación, vid. agora F. ARIAS VILAS, "O xacemento galaico-romano de Castellós (Lugo)", Anexo Gallaecia (Homenaxe a A. Balil), no prelo.

²⁰ Trátase da *IRG II 86*, non recollida en *IRPL*; vid. tamén N. ARES VÁZQUEZ, "Revisión de cuatro inscripciones romanas". *Bol. Com. Prov. Mon. Lugo*, IX, 1974-1975, p. 172 s.

tanto, que sexa fundamental percurar e publicar ben tódolos datos referidos a este tipo de achado epigráfico, o seu entorno xeográfico e histórico e o seu pequeno ou grande "historial".

A xeito de exemplo, e sen pretendermos incidir aquí no extenso comentario que, a propósito do trazado de vías e da localización de miliarios se podería facer como xa o fixeron outros autores, pódense considerar dous grandes grupos: os miliarios achados máis ou menos "in situ" (ou publicados como tal), e os recollidos noutras circunstancias e movidos do seu emprazamento e ubicación orixinal, ás veces nunha distancia de varios quilómetros.

Comprendidos no primeiro grupo, poden citarse os grandes conxuntos ourensáns de Ponte Bibeí, Alto da Cerdeira e Portela de Home, todo na vía XVIII²¹, e en Pontevedra os miliarios de Saxamonde (*IRG III* 3), e os de Ponte Valga e Figueirido (*IRG III*, 9, 10-12, recollidos neste posible tramo da vía XIX polo Arcebispo Malvar no s. XVIII). En Lugo, relativamente pobre en miliarios, pesia ós achados dos últimos anos, están os de Arxemil (*IRPL* 84 e 97), e de Entrambasaugas (*IRPL* 96), como achados aproximadamente "in situ". Para A Coruña, case unicamente o recente achado de Boimorto, boa peza aparecida no trazado dunha vía secundaria do interior²².

Son, magoadamente, moi numerosos os miliarios movidos do seu sitio e zona; unhas veces, coñecemos ben este traslado, pero outras é preciso supoñelo polas circunstancias do achado e a análise cabal do entorno e do seu posible contexto xeográfico-arqueolóxico. Velaí está a posible dúbida do miliario da Gándara de Sergude (*IRG I* 2), os de Almoíña (*IRG III* 1) e Cerponzóns (*IRG III* 13) en Pontevedra, os cercanos a Xinzo de Limia en Ourense (*IRG IV* 9 e 10)²³, quizáis o de Seteigrexas en Lugo (*IRPL* 95), e desde logo o de San Román da Retorta (*IRPL* 93), "coloca-

²¹ Cfr., cos achados postos ó día, J.M. CAAMAÑO GESTO, "Los miliarios de Alto de A Cerdeira (Trives, Orense)", *C.E.G.*, XXVIII, 1973, p. 212 ss., IDEM, "Los miliarios del Ponte Bibeí, Trives (Orense)", *Bol. Sem. Arte. Arq. Valladolid*, XL-SXI, 1975, p. 596 ss., e J.C. RIVAS FERNÁNDEZ, "Addenda al estudio y catálogo de los miliarios orensanos. II. Los miliarios de Portela de Home...", *Boletín Auriense*, V, 1975, p. 127 ss.; deste grupo, hai novos achados todavía inéditos.

²² Cfr. L. MONTEAGUDO, "Miliario romano de Boimorto", *El Correo Gallego* (Santiago), 19-IV-1981.

²³ Algunha vez prodúcese unha atribución indebida por coincidencia de topónimo, (erro excesivamente frecuente na bibliografía, incluso especializada), como o miliario de Castromao (*IRG IV* 41), que non ten nada que ver con este xacemento, senón cun lugar doutra comarca e pertencente a unha vía diferente, cfr. J.C. RIVAS FERNÁNDEZ, "Addenda al estudio y catálogo de los miliarios... I.", *Boletín Auriense*, IV, 1974 p. 91 ss.

do" en Rábade nalgunhas publicacións co que serviu de apoiatura, case única, para razoar o trazado dunha vía importante como a XX do Itinerario de Antonino, cando outras razóns abonaban outras hipóteses²⁴.

Dun xeito semellante, en certo modo, ó dos miliarios, habería que precisar e aquilatar no seu xusto punto, o valor que poden ter as dedicacións ós Lares Viais, tan abundantes en Galicia, como fitos do paso dunha posible vía se é que son aras situadas necesariamente onde o camiño, e non aleatoriamente onde o dedicante²⁵.

En conclusión podemos resumir que, á hora de publicar inscricións, e moito máis ó elaborar *Corpora* epigráficos de comarcas ou provincias (e mesmo de cidades), hai que ter moi en conta todo o relativo ás circunstancias do achado e do seu entorno xeográfico, arqueolóxico e histórico, e en concreto, considerar polo menos estas pautas ou principios:

-Non esquecer nunca a relación Arqueoloxía-Epigrafía e a importancia do contexto en cadanseu caso, pois o achado epigráfico de seu, en abstracto, pode quedar ás veces en simples "xogos florais" de lectura de interpretacións tan inxeniosas e ben traídas como carentes de apoiatura obxetiva, real e, ó cabo, histórica.

-Ter en conta a datación, se a chega a haber, do devandito contexto arqueolóxico ou dun xacemento determinado, para datar á súa vez e comprender determinados restos epigráficos, xa que contadas veces se pode dar o caso contrario, (agás, loxicamente, se se trata de *tesserae* datadas, dedicacións imperiais concretas ou casos similares...), pois é ben sabida a aleatoriedade con que se cumpren (ou se incumpren...) en Galicia determinadas regras epigráficas, e sobre todo paleográficas, que a pedra de granito por un lado e os rasgos "provinciais e fisterráns" polo outro, soen facer trabucarnos. É dicir, hai que englobalas nun contexto que moitas veces ten tanto de galaico (indíxena) coma de romano, sen chegar a caer en extremos illacionistas ou excesivamente particularistas.

-Dar a importancia que se merece ó rastreo e pescuda de documentación, arquivos, nótulas e noticias dos achados, e por suposto ás circunstancias e mesmo ó folklore do mesmo. Está bien comprobado, e o traballo para o *IRPL* demostrounolo arreo, que moitos datos deste tipo chegan ás veces a aclarar lecturas (o tempo actúa sobre as pedras, xeralmente en contra delas), informan sobre o contexto do achado e, en fin, resultan úti-

²⁴ Cfr. *IRPL* 93, e F. ARIAS VILAS, "Un documento de J. Cornide a propósito do tramo viario *Lucus-Brigantium*", *Gallaecia*, 6, 1980, p. 262.

²⁵ Vid. a propósito dos Lares Viais, F. ACUÑA CASTROVIEJO, "Los Lares Viales en la Galicia romana", *II Congreso Nacional de Arqueología*, Coimbra 1971, p. 353 ss., e tamén J.C. BERMEJO BARRERA, "Los dioses de los caminos", en *La sociedad en la Galicia castreña*, Santiago 1978, p. 77 ss.

les, por non dicir imprescindibles, para rematar co "vai e ven", cos achados "cón rodas" e con suposicións gratuitas.

-Sempre que sexa posible, é moi aconsellable e útil rastrexar na toponimia (ou microtoponimia) local e/ou comarcal, elementos equiparables ou vencellables á onomástica de divinidades²⁶ e persoas e, por suposto, ós topónimos citados nos propios epígrafes.

Creemos que, na actualidade, hai que procurar ir máis alá da publicación de achados epigráficos que non conteñen máis datos ca unha transcripción, unha lectura e un "comentario de textos" (amplo ou somero), se queremos que tanto a Epigrafía como a Arqueoloxía se beneficien mutuamente e a prol de facer unha Historia antiga integral e realmente explicativa dos feitos e da identidade dunha comunidade social.

²⁶ Tal como suxería J. FERRO COUSELO, "O deus Bandua da Veiga", *Homenaxe a Florentino L.A. Cuevillas*, Vigo 1957, p. 111 ss. a propósito de *Veigebraeago*.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XXXIX, Fascículo 104, Santiago 1991.